



## BASES DO CONCURSO

### DESCRICIÓN

O concurso organízase con motivo da celebración da Galiciencia 2016 con temática **As Matemáticas**, polo que, as diferentes probas a superar terán como referencia elementos que nos mostren a parte máis lúdica das matemáticas.

O concurso constará de dúas fases:

1ª Fase non presencial: constará de 3 desafíos a realizar a distancia que se enviarán por correo electrónico ( [atrevetecoasmates@galiciencia.com](mailto:atrevetecoasmates@galiciencia.com)) para a súa valoración.

2ª Fase presencial: constará dun desafío final que terá lugar o venres 18 de novembro de 11:00h a 12:00h durante a Galiciencia e na que participarán os 3 grupos mellor puntuados de cada categoría na primeira fase.

### PARTICIPANTES

O concurso está aberto a todos os estudantes de entre 12 e 18 anos, establecéndose dúas categorías:

- Categoría A (1º ciclo da ESO)
- Categoría B (2ºCiclo da ESO e Bacharelato)

Os estudantes participarán en grupos de 3 alumnos por grupo, non sendo posible facelo individualmente.

### CONDICIÓNS E FORMATOS

As condicións e formatos de cada proba faranse públicas na web da Galiciencia ([www.galiciencia.com](http://www.galiciencia.com)) no momento da liberación dos desafíos.

### PRESENTACIÓN DOS DESAFÍOS

Todos os participantes que desexen tomar parte neste concurso deberán enviar un e-mail a ([atrevetecoasmates@galiciencia.com](mailto:atrevetecoasmates@galiciencia.com)) coa resolución do desafío 1 proposto e os seguintes datos:

- Nome do grupo
- Nome e apelidos dos integrantes
- Curso
- Nome e e-mail do centro ao que pertencen
- Nome, e-mail e teléfono do profesor/titor do grupo

O envío do Desafío 1 dentro do prazo establecido, fai efectiva a inscrición no concurso.

Enviaranse, tanto o Desafío 1 (inscrición) como o resto, por correo ao seguinte enderezo: [atrevetecoasmates@galiciencia.com](mailto:atrevetecoasmates@galiciencia.com)

O “nome do grupo” será o identificativo de cada grupo participante, aparecendo este no Asunto dos correos enviados.



## XURADO

O xurado será asignado pola organización entre persoas expertas na materia.

## RESOLUCIÓN

A resolución do xurado en relación á primeira fase, farase pública nun prazo máximo dun mes, unha vez rematado o prazo límite do último desafío.

A resolución do xurado en relación á segunda fase, farase pública o día 18 de novembro de 2016 durante a entrega de diplomas da Galiciencia.

A resolución do concurso é inapelable.

## PREMIO

Os grupos finalistas da primeira fase, e por tanto, participantes na fase final, recibirán un obsequio pola súa participación.

Os grupos gañadores do desafío final recibirán un diploma e un premio.

## PROPIEDAD

Todos os traballos presentados quedarán en propiedade do PARQUE TECNOLÓXICO DE GALICIA, quen se reserva o dereito da súa exposición, reprodución ou publicación, sen que isto supoña perda da autoría dos traballos, cedendo os dereitos de reprodución, exposición e explotación non remunerada, pasando a incrementar o patrimonio cultural, sen que estes poidan ser obxecto de compravenda.

## OBSERVACIÓNS

- O feito de participar no presente concurso implica a aceptación total das bases.
- A organización non se responsabilizará da non chegada dos traballos ao seu destino.
- Os traballos que non cumpran as condicións de presentación non entrarán en concurso.
- A organización resérvase o dereito de tomar decisións non reflectidas nas bases, así como solucionar calquera tipo de conflito na interpretación destas.
- Tecnópole garante o correcto tratamento dos datos de acordo á LOPD (Lei orgánica de protección de datos 15/1999).

## REALIZACIÓN E MANIPULADO

Os traballos deben ser realizados polos integrantes de cada grupo participante, polo que calquera dúbida na autoría destes será motivo da non participación no concurso.